



Este boletín describe unha visión xeral do Modelo Básico para as importacións: os procesos que deben seguir todos os movementos de mercadorías a partir do mes de xaneiro de 2022, unicamente como unha guía. Non se trata dunha lista exhaustiva de todos os requisitos que se poidan aplicar a un movemento de mercadorías. Trátase so dunha visión xeral. Neste boletín non se inclúen outros requisitos a determinados movementos de mercadorías.

### ***Modelo Operativo Obxectivo***

O goberno británico ten pendente de publicar este outono o seu novo plan fronteirizo (o Modelo Operativo Obxectivo, *Target Operating Model*), en virtude da súa decisión de non introducir os controis á importación post-Brexit restantes no mes de abril deste ano.

En abril de 2022, a HMRC (*Her Majesty's Revenue & Customs*, a Axencia Tributaria británica) dixo que traballaría co sector industrial e as administracións para crear un novo Modelo Operativo Obxectivo. Aínda que a día de hoxe non hai información oficial da HMRC sobre este Modelo Operativo Obxectivo, informouse que o novo modelo debería tender á posible simplificación de determinados procesos como os seguintes:

- A seguridade no tratamento da información.
- As comprobacións sanitarias e fitosanitarias nos produtos de orixe animal e vexetal introducidos na Gran Bretaña.

Como resultado desta nova regulación, o sector industrial operará dun xeito mais eficiente grazas á redución da cantidade de información que se debe introducir en comparación ca actual.

A HMRC tamén ten a intención de introducir o Sistema de Operadores de Confianza (*Trusted Trader Scheme*), deseñado para reducir os requisitos de certificación e a frecuencia de declaracións de determinadas entidades. O novo réxime debería reducir a carga burocrática e a duplicidade de datos.

Agardase que o Goberno británico publique o seu novo plan fronteirizo este outono, coa intención de introducir os cambios a finais do ano 2023.

### ***Diferir as cotas de VAT á importación a través dunha conta VAT.***

O 18 de outubro de 2022, a HMRC actualizou unha das súas guías para recordar ás entidades de que poden diferir as súas cotas do IVE á importación a través dunha conta VAT no lugar de utilizar unha conta de diferimento de aranceis. Esta opción está dispoñible so para entidades rexistradas a efectos do VAT no Reino Unido. Poden rexistrar o VAT á importación a través do seu modelo de autoliquidación do VAT británico utilizando o sistema do VAT diferido.

Se unha entidade é un suxeito pasivo non establecido no Reino Unido, terán que utilizar a un terceiro no seu lugar para xestionar as cuestións arancelarias, incluíndo a cumprimentación das declaracións de importación. Se algunha destas entidades quixera consignar o IVE á importación no seu modelo de autoliquidación do VAT británico, deberán ordenar a este terceiro, encargado das súas cuestións arancelarias que seleccionen esta opción na declaración de importación e que inclúan os seus datos como consignatario.

### ***Incrementar o límite de diferimento arancelario do Servizo de Declaración Aduaneira (CDS, Customs Declaration Service).***

Unha conta de diferimento arancelario permite ás entidades pospoñer o pago da maioría das débedas aduaneiras, tal como o VAT á importación (tendo en conta que a entidade non estea a utilizar xa o sistema do VAT diferido) ou débeda arancelaria. Utilizando unha conta de diferimento arancelario, as entidades poden facer un pago único ao mes a través de débito directo ou transferencia bancaria en lugar de ter que facer un pago para cada consignación individual cada vez que se importe algo.

As entidades poden solicitar contas de diferimento arancelario para si mesmas ou poden utilizar a conta do seu axente aduaneiro. É importante ter en conta que, debido ás diferenzas de requisitos nas garantías, as contas de diferimento arancelario aprobadas para o seu uso na Gran Bretaña (Inglaterra, Escocia e Gales) non poden usarse na Irlanda do Norte. Tamén cabe destacar que as entidades que non estean establecidas no Reino Unido poden igualmente solicitar unha conta de diferimento arancelario para o seu uso na Gran Bretaña.

Se unha entidade necesitase utilizar o diferimento arancelario tanto na Gran Bretaña como na Irlanda do Norte, deberán ter ou solicitar ambos os tipos de contas de diferimento arancelario (salvo que estean a utilizar as do seu axente).

Se unha entidade alcanza o límite mensual de diferimento, non poderán importar máis bens a través do software do CDS. Si se está preto ou se excede o límite, pódese realizar un pago que a HMRC imputará aos aranceis á importación ou ao VAT devindicado na devandita conta. Isto aumentará o saldo dispoñible para que poidan seguir importándose bens. É importante ter en conta que as entidades non poden facer pagos para incrementar o saldo dispoñible para as importacións que declaren utilizando o antigo sistema CHIEF (Customs Handling of Import and Export Freight).

A HMRC normalmente imputa pagos ao saldo de diferimento aduaneiro de forma instantánea ou nunha marxe de dúas horas se a entidade aproba o pago a través da súa banca electrónica. O día 1 de outubro de 2022, a HMRC anunciou que na actualidade hai un atraso no tempo que tarda a liberación da limitación no diferimento arancelario en chegar ás contas de diferimento arancelario das entidades. Se as entidades están a utilizar o diferimento arancelario como método de pago, o límite non poderá incrementarse no tempo de dúas horas e poida que tarde máis. As entidades deben ter isto en conta á hora de incrementar o límite das súas contas de diferimento arancelario.

***Comprobe as porcentaxes de valor para o procedemento simplificado para froita fresca e hortalizas.***

As porcentaxes de valor para as froitas frescas e as hortalizas para o período entre o 14 de outubro e o 10 de novembro de 2022, están dispoñibles [neste enlace](#).